



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Persoal e Organización

*Nomeamento auxiliar administrativa, funcionaria interina para o servizo de Educación e Cultura*

##### ANUNCIO

Por resolución núm. 1311 da concelleira delegada de Cohesión social, Recursos humanos e Réxime interior do 23 de xullo de 2024 resolveuse o seguinte:

“Nomear a dona Mónica Santamariña Cadaviera, con documento nacional de identidade núm. \*\*\*0669\*\* como auxiliar administrativa, funcionaria interina, no servizo de educación e cultura (Código RPT: CE.1.4.02), actualmente vacante por atoparse a titular do posto en situación de comisión de servizos (resolución núm. 1204 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior do 2 de xullo de 2024), ata a incorporación a titular do posto”.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 13 de agosto de 2024

A concelleira delegada de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2024/5835